



MANUEL CURROS ENRÍQUEZ


BIOGRAFÍA

- ❖ Manuel Curros Enríquez naceu en Celanova en 1851, onde pasou a infancia.
- ❖ As discusións co pai fan que vaia vivir a Madrid cun irmán.
- ❖ En Madrid remata o bacharelato e empeza Dereito (non acaba).
 - ❖ Alí participa no ambiente intelectual.
 - ❖ Participa na revolución de 1868.
 - ❖ Alí faise republicano e defensor do estado federal como forma de goberno.
 - ❖ Empeza a traballar como xornalista.
- ❖ En 1877 participa nun concurso literario da cidade de Ourense, estreándose como poeta en galego, con estes poemas:
 - ❖ «A Virxe do Cristal»,
 - ❖ «Unha voda en Einibó» e
 - ❖ «O gueiteiro»,

BIOGRAFÍA (2)

- ❖ Volve a Ourense.
- ❖ 1880 publica: *Aires da miña terra*.
 - ❖ É o mesmo ano en que Rosalía de Castro publica *Follas Novas*.
 - ❖ O libro foi moi polémico, foi denunciado polo bispo de Ourense.
 - ❖ Foi xulgado e absolto por ataques á relixión católica.
 - ❖ Isto acentuou o seu anticlericalismo.
- ❖ 1888 publica o *Divino sainete*, obra tamén anticlerical.
- ❖ 1895 emigra a Cuba.
 - ❖ Alí pasou os últimos anos da súa vida.
 - ❖ 1904 volve puntualmente a Galicia para recibir unha homenaxe na Coruña.
 - ❖ Impulsou en Cuba a creación da Real Academia Galega.
- ❖ Faleceu na Habana en 1908 e foi enterrado na Coruña.

OBRA



Publicou numerosos poemas
en revistas.

Só publicou dous libros.

Aires da miña terra (1880)

O divino sainete (1888)



Aires da miña terra (1880)

❖ TEMÁTICA CÍVICA OU SOCIAL

- ❖ Cría no compromiso co pobo galego, coa democracia e coa ideloloxía progresista.
- ❖ Denuncia as inxustizas e opresións aos máis débiles (sobre todo labregos).
- ❖ Critica caciques e fidalgos.
- ❖ Ten poemas de ton anticlerical (nunha época de gran influencia da Igrexa).
- ❖ No século XX seguiron esta liña Ramón Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro.

❖ TEMÁTICA COSTUMISTA

- ❖ Temas da poesía popular.
- ❖ Recrea lendas, tradicións e tipos populares.
- ❖ No caso de Curros, mesmo na lírica costumista hai reivindicación.

❖ TEMÁTICA INTIMISTA

- ❖ Poucos poemas intimistas pola súa concepción da poesía.
- ❖ Refírense ao nacemento do fillo, á morte da nai ou á morte de Rosalía de Castro.

O divino sainete (1888)

- ❖ Trátase dun longo poema narrativo de carácter burlesco.
- ❖ Parodia a **Divina Comedia** do escritor clásico italiano Dante Alighieri.
- ❖ Argumento: o propio Curros acompañado do poeta Francisco Añón, realizan unha viaxe a Roma para gañar o xubileu. Añón guíao polos 7 vagóns do tren no que viaxan, que representan os sete pecados capitais: preguiza, envexa, gula, ira, luxuria, avaricia e soberbia. En cada vagón van encontrando personaxes cos que Curros mantivera algunha polémica ao longo da súa vida. En Roma recoméndalle ao papa que abandone a riqueza.
- ❖ Constitúe unha caricatura da sociedade daquel tempo.
- ❖ Fai unha crítica feroz a todos os estamentos sociais, aínda que especialmente se centra nos poderosos, nos seus inimigos e na Igrexa católica.